


NÚMERO 30//MAIO 2024

CHÍO

DEBUXO



REVISTA CULTURAL DIXITAL

Obra de Neira Pampín


PUNTADA NÚMERO 30

Chorarán por nós cando xa non esteamos?
Como se fai cos mortos: “que boíño era”,
“botarémolo en falta”, “que pronto
marchou...”...

Seica podería desaparecer o **Chío**, logo de
trinta entregas e engrosaríamos un museo
imaxinario no que, se cadra, mirarían para
nós e rezarían un poema de **Lois Pereiro**
pola nosa alma. Tal que así:

*Déixate devorar por quen te
escolla
agora que es unha luz
evadida
da escuridade que te tiña
capturado.*

*Déixate devorar
e impide feramente
que te volva habitar e te
contaxie
a túa latente sombra
irrevocable.*




Novamente, dous fíos concatenan
neste número da revista, para enlazar
un contido acorde co momento
cultural que nos toca vivir: os museos
e as letras galegas.

Ámbolos dous con días consecutivos
adicados e, por tanto, tempo ideal
para conmemorar; dun lado, as
verbas do berce na boca de **Luísa
Villalta** e doutra banda, a existencia
dos museos como lugares
democratizadores ou
democratizantes da cultura, que diría
Galdós.

En **Chío** sabémolo ben: 30 números,
crendo na accesibilidade total dos
proxectos culturais máis cercanos e
na posibilidade de que calquera abra
o pdf e se atope de fronte ca grande
calidade dos e das artistas que nos
rodean.

Mentras nos deixen, a web encherase
de contido.



CHÍO.com

Francisco Javier Neira Pampín

Polímata

Un santiagués de la calle San Pedro que adopta a Lugo como su casa, desde hace ya muchos años. Versátil, culto, humano..., de los que creen en el sentimiento, con las emociones a flor de piel. En Neira Pampín no hay nada neutro, todo es expresivo, limpio y claro.

Polímata consumado; primero su auténtica devoción, la medicina. Intensa y larga vida entregada a la especialidad urológica de la que su prestigio está patente en los centenares, quizá miles de personas que se han puesto en sus expertas manos.

Después todo lo demás, pero con una intensidad desbordante; si es el dibujo, queda patente en esta portada y una, muy breve, reseña gráfica de intensa obra. La parte literaria está consumada por cuatro libros, cuatro historias salidas de las entrañas creativas de F.J. Neira. Primero fue "El Quijote de madera", le siguió, "El sabor amargo de la fruta madura", su tercera obra la tituló, "Todos tenemos un muerto" y la última, hasta el momento, "Te escribiré una carta al atardecer".

Estoy completamente seguro que no parará aquí su creatividad, porque su mente corre, vuela hacia la armonización y conjunción de las palabras, porque la poesía fluye clara y rotunda, hace ya tiempo que publicó íntimamente, un poemario que tituló "Vaite Baixo"



COLABORACIÓN

y recientemente, con gran éxito y acogida pública, de dos creadores de las palabras, sensibles y preclaros en la definición de sus versos, como son José Carlos Ulloa García y Francisco Javier Neira Pampín, entrelazaron sus poemas que, a la par, lucen en un libro titulado "Un nuevo amanecer". Y agradecidos que estamos en Chío por el regalo que nos hace **F.J. Neira** en forma de poema, con versos crudos, libres, conmovedores y deslumbrantes.



No, no termina aquí la policromía creadora de nuestro virtuoso; porque debe saberse que la música para **Neira Pampín** es pan ácimo, conexión perfecta entre su mente y el deslizamiento de sus dedos en las teclas de su piano.


Son decenas las composiciones que nacen para el deleite de quién escucha; pues para eso mismo, desde [este enlace](#), podemos disfrutar, con la Orquesta Gaos de su "Paseando por Lugo", un regalo para los sentidos que merece la mayor difusión, de lo que un amante de esta tierra, compuso y para mayor disfrute de los asistentes al concierto en el Círculo de Las Artes aquel 3 de abril del año 2022, quedará para la historia.*



COLABORACIÓN



A (OUTRA) OBRA.



Despertar

Me despertó la débil luz de la mañana en mi alcoba tras una inaudita tregua después de tantas duras batallas.

Entre el blanco cortinaje se abría un rayo luminiscente con púrpura en suspensión que se posó en mi cara.

Dejé mi cálido cuerpo con la mirada perdida embebido de la más absoluta soledad.

Mi cabeza no sabía distinguir todavía los sueños de la realidad imberbe y seguí pensando en ti.

Caminabas por un estrecho sendero a la vera de un riachuelo seco y triste en esos días de estío y de calor.

Te seguí con la mirada, ibas altiva segura con tu larga melena al viento acompasada en los trazos de cada movimiento. Para mí lo más celestial que viera. Caminé tras de ti a tres distancias precisas para que nadie dudara de mi.

Era un sueño contemplarte, ver cómo acompasabas cada paso con mi alma enamorada.

Quise que parara el tiempo, pedí que nos llevara el viento a un jardín lleno de flores de mariposas y hierba fina de mil verdes sus colores .


Giraste hacia a mí tu cabeza y se clavaron los ojos como rayos al momento. Tiempo que tardó en volver a latir el corazón sin mi consentimiento.

Caminaste tu camino por un sendero finito, al menos para mi tormento, hasta que se fue tu luz tu aura y tu firmamento.

Yo seguí mi camino y me paré un momento. No había sido posible ese día como todos los anteriores pero me quedé con las ansias y un inconsolable consuelo. Al menos te había visto y eso me daba vida luz calor y energía.

Cada mañana imagino caminar pegado a ti codo a codo mano a mano por ese estrecho sendero que falta por conocer.

Hoy me despertó la luz entre mil cristales rotos en la soledad del que ama y siente una intensa emoción con tan solo decirte con una sonrisa : Buenos días ,eres mi única ilusión.



“HABERÁ POESÍA EN QUE SALVAR-SE?”

Letras galegas- Luísa Villalta



Luísa Villalta (1957-2004) nace na Coruña. A cidade na que residirá a maior parte da súa vida, será materia principal da súa obra.

A súa é unha poesía doce e profunda, que se asenta no constante traballo e no seu talento como filóloga. Sempre á procura da beleza da palabra e da precisión que lle permitiron expresar con claridade o seu elaborado pensamento.

Interesante é '**Luísa Villalta: a rebelión da palabra**', unha serie documental web da Real Academia Galega sobre a autora á que a institución lle dedica o Día das Letras Galegas 2024.

A proposta documental, dirixida por **Damián Varela Pastrana** e con guión de **Alba López Álvarez**, incorpora artistas do ámbito da poesía, a música e as artes escénicas para achegar o público á esencia da autora.

Seis capítulos precedidos por un tráiler de magnífica factura, capaces de transmitir perfectamente a esencia da autora e todo o mundo creativo que agochaba alguén tan sensible como Luísa Villalta.

*“todo o que conmove,
transforma”*

“BONXE”

AMALIA MÉNDEZ*

Vouche contar que é Bonxe.
Bonxe somos ti e máis eu.
Bonxe é a Pepa facendo no cacharro
escoitando a Ser,
Bonxe é o Indalecio tocando un pasodoble no
saxo,
Bonxe é a Lola saudando dende a Veiga,
Bonxe é a Magdalena sorrindo ao universo
enteiro,
Bonxe é o verde dos campos e o vento
lastimeiro,
Bonxe é a doce voz do campanario,
Bonxe son os nenos xogando cos cans ao rabo,
Bonxe son os paseos vermellos e os ceos
dourados,
Bonxe é o Paulino facéndolle as curas ao
vecindario,
e o Candal na misa,
e co pan o Eduardo,
e o Pepe no taxi,
e o Pontenova botando un conto no bar do
lado.

Bonxe é a miña casa latendo verde baixo o raio,
Bonxe é Amalia cantando soidades,
Bonxe é a Josefa limpando no barro,
Bonxe son as Estrelas Azuis no campo da festa,
Bonxe son os veciños, e os cantos, e os galos,
Bonxe somos ti e máis eu,
por moitos anos.



Diferente

Teresa Arrojo

Artista ao fronte de “32 de luz” espazo creativo



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Como imaxinarías un mundo real?

E cal sería a resposta?

Sería un mundo onde a ambición de poder e diñeiro estaría moi mal vista.

Onde non habería loitas de clase, raza ou xénero. Ninguén quedaría silenciado.

A educación, a investigación e o coñecemento serían a base para unha sociedade libre e igualitaria. E onde a natureza fora amada e respectada por todos.

Unha película?

"La Chica Danesa" de Tom Hooper

Un actor?

Daniel Day Lewis, Luis Tosar

Unha actriz?

Glenn Close, Blanca Portillo, Tareixa Campo

Unha canción?

"I wish I knew how It would feel to be free" de Nina Simone, "The best" de Tina Turner, "Irmaus" de Fuxan os Ventos

Un libro?

"El amante lesbiano" de José Luis San Pedro, "Atlas de geografía humana" de Almudena Grandes, "As estacións do lobo" María Reimóndez.

Un articulista?

Maruja Torres, Marica Campo.

Un político?

Pepe Mujica, Julio Anguita.

Un tempo?

O que está por vir.

Un taco?

Manda carallo.

Que lle molesta?

A intolerancia, a falta de respecto, a maldad e a violencia.

Alguén ou algo despreziable?

Calquera tipo de maltrato físico ou psicolóxico.

VIDA GALLEGA

A dirección de **Valín Libros**, no quinto aniversario do nacemento da librería, organiza diversos actos de carácter público para dar a coñecer os seus fondos e facer participe a cidadanía do valor que teñen as publicacións para afondar no coñecemento e contraste da nosa historia.

Nesta ocasión, quere mostrar material do que foi unha das publicacións máis importantes, non so para os galegos residentes no País, senón tamén para os galegos da diáspora, maiormente desplazados nos países latinoamericanos. Referímonos, claro está, a revista **Vida Gallega**. A exposición faise nos escaparates da librería, na rúa San Roque, 32 baixo e o responsable da mesma, **José Luis Valín**, estará o dispor de quen desexe coñecer ou ampliar algún detalle referente a dita mostra que permanecerá aberta ata o día 17 de maio.



A mostra presentase en paneis explicativos, documentos e material inéditos xunto con exemplares de revistas orixinais. O Director mostra, en cinco etapas a historia de tan senlleira publicación.

Primeira.- Ano 1904. Centrada na cidade de Vigo onde naceu como suplemento ou como número extra do xornal Noticiero de Vigo, do que é director o propio **Jaime Solá Mestre**. Nos catro números que apareceron en este formato pode o lector atopar a firma, por exemplo, de **Emilia Pardo Bazán, Juan Fernández Latorre, Alfredo Vicenti, José Lombardero, Prudencio Landín**, ou unha crónica completa do xornal La Idea Moderna de Lugo... o lector pode informarse e máis entreterse cunha ampla e variada información.

Segunda.- Entre 1909 e 1938, sede en Vigo. Fai un gran esforzo para se converter nunha publicación de referencia; coida as ilustracións e as fotografías e mesmo a propia publicidade. Pasa a ter un gran prestixio pola súa calidade, obviamente reforzada polas plumas dos redactores e colaboradores; o servizo a Galicia e os galegos é o principio de ser da revista. Ista resulta ser a etapa máis fecunda de Vida Gallega, na que se editaron case setecentos números nos que escribiron e ilustraron as súas portadas e páxinas persoais tan relevantes como **Castelao, Padín, Cebreiro, Murguía, Pardo Bazán...**

Terceira.- Pode definirse como a segunda vida de Vida Gallega que vai dende o ano 1939 ata 1963 e ten como editor a **Xosé Iglesias Presa**, un empresario da comunicación afincado en Lugo que fora conselleiro-delegado no xornal El Pueblo Gallego á vez que editor da revista poética Alba.

A revista pasa en silencio ata o súa reaparición no ano 1954, momento no que recolle a toda a intelectualidade do momento: nomes que se integran na revista tales como **Paco del Riego, Otero Pedrayo, Manuel María, Álvaro Cunqueiro, Ricardo Carballo Calero, Antón Fraguas, Paz Andrade, Urbano Lugrís, Luz Pozo Garza ou Leandro Carré...**

Cuarta.- No ano 1940 morre **Jaime Solá Mestre** o fundador de esta publicación, como dixemos, Vida Galega garda un silencio ata 1954. Pero o dato máis chamativo é que no ano 1956 a revista pasa a ter a súa sede editorial na cidade de Lugo; parece ser que nun dos chalets das chamadas "Casas Baratas" e alí permanecerá ate o ano 1962.

Quinta.- A partir da data sinalada anteriormente, a revista pasa a ser editada nos talleres de impresión do xornal Faro de Vigo, foron sete os números editados ata o seu fin (o último na primavera de 1963) sendo o director da publicación en esta etapa o mindoniense **Álvaro Cunqueiro**.



DÍA DOS MUSEOS - 18 DE MAIO


IRIA CASTRO FERNÁNDEZ*

A primeira vez que celebrei o Día dos Museos foi en 2014. Estaba facendo un voluntariado en Cracovia, Polonia e aproveitei a ocasión para visitar por primeira vez o Museo Nacional de Cracovia. Aínda me lembro porque fora unha oportunidade única para seguir coñecendo a historia do país onde estaba vivindo.

Despois daquela primeira vez houbo outras moitas pero a de este ano faime especial ilusión xa que como deputada de Cultura tamén teño responsabilidades sobre patrimonio histórico-artístico e sobre a Rede Museística da Deputación de Lugo, da que son parte o Museo Provincial de Lugo, o Museo do Mar de San Cibrao, o Pazo de Tor e o Museo Fortaleza San Paio de Narla.

Para min é unha satisfacción ter a oportunidade de aprender día a día dos nosos museos e tamén do persoal, convertendo a rede provincial nun exemplo de sostibilidade económica, social e medioambiental.

A Rede Museística, creada en xuño de 2006 ten, entre outros, o obxectivo de fortalecer o vínculo dos museos coa sociedade, fomentar a estima da cidadanía polo patrimonio e forxar un sentimento de comunidade e creo que o estamos a conseguir mediante o discurso expositivo das mostras permanentes, as exposicións temporais ou as xornadas pedagóxicas e de investigación que se fan nos diferentes museos e que, sen pretendelo directamente, responden ao lema do ICOM, o Consello Internacional dos Museos para o Día Internacional dos Museos 2024, "Museos pola educación e a investigación".



EVENTO

O lema deste ano describe perfectamente a filosofía da Rede Museística, que dinamiza os espazos dos museos promovendo actividades vinculadas coa inclusión e a igualdade e fomenta a súa apertura á sociedade. Gustaríame destacar as xornadas de formación e intercambio de experiencias en liña "Investigar e aprender no museo: outro tempo", que poñen o foco no debate sobre as estratexias de museoloxía social e nas que participan máis de 300 persoas.

Ou as “Xornadas pacegas”, que se desenvolverán no Pazo de Tor o 6 e 7 de maio e que serán un punto de partida para a investigación académica e a acción cultural arredor das Revoltas Irmandiñas.

Neste mes de maio, os días 21 e 23, tamén se celebrará o ciclo de conferencias “Tempo de arte. Obras de museo”, promovido polo Grupo de Investigación Iacobus, que porán en foco a arte galega exposta no museo. Por último, gustaríame destacar que como programación especial, o día 18 gravarase un podcast para falar da vida dos museos, das actividades que se desenvolven arredor deles e que permean á sociedade.

Para o ICOM, a importancia da investigación educativa reside na oportunidade de potenciar a reflexión sobre a aprendizaxe humana e que os museos poidan contribuír a enriquecer o pensamento da sociedade, exactamente o que se fai na Rede Museística, pensar nos museos e nas pezas como suxeitos e non como meros obxectos.

Por último, só me queda animarvos a que visitedes os museos da Rede Museística da Deputación de Lugo e gocedes con cada visita.

*Deputada responsable da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística Deputación Provincial de Lugo



18 MAYO 2024
DÍA INTERNACIONAL DE LOS MUSEOS
MUSEOS POR LA EDUCACIÓN
Y LA INVESTIGACIÓN

ICOM.MUSEUM
X @ICOMOFFICIEL

ICOM Consejo Internacional de Museos

UGLY II



DUN MUSEO DESCOÑECIDO

ANTONIO GREGORIO MONTES

Teño que dicilo: en xeral, cada vez me chaman menos a atención os museos. E logo, matízalo: hai museos e museos; na actualidade críanse con calquera motivo, pero o principal que me leva a miralos de xeito máis lonxano non é a súa abundancia, sempre relativa dependendo do tema e sensibilidade, senón que as cidades – moitas– e pobos –algúns– están tendendo a ser entre parques de atraccións, parques temáticos e museos, desvalorizando por sobreexposición e variando o significado do que é un museo.

A pesar diso, quedo co de que ‘hai museos e museos’. E no mes que ten un día adicado a eles, lembro un, pequeno, público, mesmo con páxina web pero pouco, moi pouco, visitado. Está montado con ilusión e variedade de fondos, aínda que non teña pretensións de grandeza. É sinxelo, con aspiracións máis didácticas que doutro tipo. Un museo que se adapta á definición moito máis, que algúns tamén moito máis coñecidos. Trátase do construído nun centro educativo, o IES de Ribadeo Dionisio Gamallo, a raíz da disposición ordenada de fondos relacionados coa ciencia, de aparatos científicos a esqueletos animais recuperados no centro, pasando por montaxes didácticas feitas polo alumnado, entre outras posibilidades.

A máis, na área científica, abrangue exposicións de fotografía con motivos matemáticos, e, no mesmo recinto, como colección totalmente independente, poden contemplarse fondos escritos de diversa importancia.



Un inciso. Este centro fundouse ex novo co profesorado, o alumnado, e o material de dous centros anteriores que desapareceron coa súa fundación: por unha banda, o IES Porta da Auga (que pasou por diversas etapas e nomes dende o inicial ‘Centro de Formación Profesional de Ribadeo’) e pola outra, do IES Gamallo Fierros (que tamén pasou por diversas épocas e nomes dende o inicial de ‘Instituto Laboral Carlos M^a Rodríguez de Valcárcel’, e que ocupaba o edificio principal actual). Esa unión aportou pezas diversas e facilitou a existencia do museo como se pode observar na actualidade.



Accesible? Sobre todo polas persoas que frecuentan o centro, claro. Pero se ben non se debe molestar o funcionamento dun centro educativo, quen queira velo de xeito físico, terá ocasións, mesmo a máis da visita á tradicional e anual feira da ciencia que alí se fai. Por suposto, tamén a máis do acceso vía internet.


Fondos? Nunha escola que encadea camiño dos 80 anos de historias diversas e viva na actualidade nestas paredes, téñense procurado e realizado moitas cousas interesantes que amosar. Mesmo cando os aparellos foran relevados por outros máis novidosos, de mellor rendemento ou non. Ou mesmo cando a xuventude dalgunhas mans orixe dos traballos parecería inducir a creer en milagres polos resultados á vista.

Os diversos aparellos de bioloxía, física, química, xeoloxía, tecnoloxía, de investigación ou para didáctica, de diversas épocas, complementáanse entre si e dan paso a esquemas murais e tridimensionais. Pero sobre todo o material recuperado por alumnado e profesorado, da man de **M. Jesús Besteiro** en tempos modernos, pero tamén algúns moi anteriores, dende cranios e osamenta animal a niños, ovos ou coprólitos. Ou á colección de minerais. Ou o material didáctico diverso confeccionado para aprender facendo e ensinar aprendendo, experimentado nas feiras de ciencia e en exposicións na Coruña ou Ourense. Material que tamén podería ter formado -ou formou- parte nalgúns casos dunha investigación; noutros, de xogo; noutros máis, con outras utilidades, clasificable en diversos rangos segundo o caso... De calquera xeito, unha visita agradable a máis da aprendizaxe que seguro representa para quen se asome (e asombre).

A máis, do anterior, un breve paseo polo edificio pode levarnos ás vitrinas nas que están entre outros, por antigüidade, "Año cristiano", volume impreso en 1852, ou "Historia General de España y de sus posesiones de ultramar desde los tiempos primitivos hasta el advenimiento de la República", de 1873. Por curiosidade histórica, tamén está exposto o libro de sinaturas, que inclúe as de visitantes ilustres como o Nobel **Vicente Aleixandre** na súa visita de 1964. Por valor local, os diversos libros escritos por xente con relación cos centros educativos de orixe, como o "Manual del resinero" de **Alberto Mediavilla** (1964). Ou da historia de **Dionisio Gamallo** con diversos documentos con el relacionados... Todos eles repito, non na biblioteca, senón en exposición en lugar destacado do centro.

Dixen que en Ribadeo non había museos? E non, non os hai que así se publiciten. Pero, se non abundara co xa dito, dende a Biblioteca Pública Municipal Viejo Pancho poden accederse volumes que son pezas de museo, por unha, outra ou varias razóns, comezando por aqueles que teñen o ex libris que os identifica como propiedade que foron de **Daniel Cortezón** ou de Dionisio Gamallo. Ou unha colección privada -David A. López é o coleccionista- exposta de cando en vez de xeito parcial en diversos lugares, que abrangue milleiros e milleiros de exemplares, sobre todo de cunchas de todas as augas do mundo, pero tamén compañía larga de bolboretas, escaravellos... Ou o arquivo do concello, unha auténtica mostra de historia á que non é difícil acceder, aínda que non estea tampouco aberto ó público como tal museo.

Sen citar as pezas que podían constituír pola súa cantidade un museo por elas soas, espoliadas do fondo da ría de Ribadeo, ou tamén algunhas do Castro das Grobas e doutros lugares, que están, sinxelamente, desaparecidas para o lugar onde viron a luz.



Ou sexa, parafraseando unha célebre sentenza, 'Ribadeo non terá un museo, pero, haber, hainos'!




Diferente

Sergio Pazos

Actor

Prepara a obra de teatro: “Historia da Gaita e soplagaitas”



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Pois mira, precisamente encantaríame que me fixeran esa mesma pregunta.

E cal sería a resposta?

A resposta sería: Como me volvas facer esa pregunta, prepárate que non penso contestar.

Unha película?

Estas preguntas son moi traicioeiras porque depende do momento en que te atopas. É difícilísimo escoller unha. Pero estiven dándolle unha voltiña... calquera dos Hermanos Marx, a de Lubitsch, To be or not to be; o Apartamento de Billy Wilder; Casablanca é unha peli marabillosa; Blade Runner, sempre me gustou e sigo a vela de vez en cando; tamén en España temos grandes películas. A mín encántame Atraco a las tres, a fixen en teatro despois, fixen de Fernando Galindo, ves esa película de novo e decátaste que non envellecen nada a comedia, comedia negra, humor...é un bo guión. Podes escoller unha chea delas.

Un actor?

Home, eu, por suposto (risas), e despois, pois mira temos unha influencia anglosaxona moi grande, estamos moi mediatizados polo cine americano, pero tamén é marabilloso. Eu sempre fun un fan de Marlon Brando, unha bestia!, pero tamén están Leonardo Di Caprio, un Brad Pitt...e tirando para a casa, eu creo que Bardem é o noso Marlon Brando, simplemente espectacular; bueno o físico de Luis Tosar tamén está a gran altura. Ah, sí, pensamos moito en cine pero tamén deberíamos pensar en teatro.

Unha actriz?

Pois mira, tirando para casa outra vez, Penélope Cruz, mira que empezou con aquel “Jamón, Jamón” e agora dándolle premios internacionais en Italia, en Francia, en España, nos Estados Unidos...iso non é casualidade, Penélope é isa actriz que vai mellorando cos anos. Claro está, como non vou citar a Sofía Loren. Eu estiven con Sofía Loren no Festival de Cine de Valencia cando estaba no “Caiga quien Caiga”, e flipei con ela. E a nivel americano pois, Julia Roberts e Margot Robbie, é outra máquina, súper nova.

Unha canción?

Iso é moi complicado, bueno veña, vou decir unha, non é porque sexa a miña canción pero me encanta “Lobo López” de Kiko Veneno; é unha canción de amor pero non é pegañenta.

Un libro?

Mira, La Biblia, para min é o libro máis flipante que existe, porque ten ciencia ficción, efectos especiais, entran e saen cousas raras, ten todo o que pode ter unha peli das boas, ten traicións, ten sexo... resulta un libro con unha imaxinación desbordante.

Un autor/a?

Anibal Malvar ten esa maneira de escribir ese realismo máxico que ten Galicia, una imaxinación desbordante; é un tipo implicado e crítico. Gústame.

Un político?

Mira o mellor político é que non tivéramos necesidade que houbera políticos. É moi difícil escoller un político porque políticos honrados hai poucos. A min non me gustaría ser político de alto nivel porque é unha vida incomodísima. Un político honrado debera decir: Señores, “yo lo intenté, pero esto es imposible.”

Un tempo?

O que estamos vivindo hoxe. É flipante a velocidade coa que estamos cambiando o planeta, coa que estamos modificando hábitos. Nós temos a sorte que somos a última xeración analóxica e tamén nos acomodamos a xeración dixital, non temos a facilidade que teñen os rapaces pero usamos as novas tecnoloxías a IA e o que nos poñan por diante; o momento que estamos vivindo hoxe é autenticamente espectacular.

Un taco?

Eu creo que un bo carallo é marabilloso. Decía Cela que un carallo a tiempo es una victoria dialéctica.

Que lle molesta?

Buff... tantas cousas. A sociedade é moi fodida, a sociedade capitalista é super agresiva, somos moi egoístas...pero respondendo, posiblemente a hipocresía e a falta de ética é o que mais me molesta.

Alguén ou algo despreziable?

No, no, no, bueno mirando ben dame arrepió ese anonimato que teñen as redes sociais e por veces o odio que se desprende nas redes, cando é unha ferramenta sensacional coa que podes aprender... hai tanto humor por aí adiante e de repente aparece un montón de tipiños que o fan despreziable e o peor de todo, o morro de poder facelo dende o anonimato.

CARTA DO CURA DE MONCELOS A GARDA CIVIL DE COSPEITO

ANTÓN CANDO

Señores gardas civis:

Son o finado crego de Moncelos, morrín ós 101 anos, e agora pra febreiro do 2018 vai facer dez anos do meu pasamento. Escrébolles esta misiva, porque estou moi arrepenrido dunha gravísima infracción de tráfico que, tiven hai xa tres décadas : "saltar o STOP do cruz do Santo."

Non quero estar no Ceo sen piditlles perdón por esa falta tan grande. Pois verán,, un día viña dun enterro da Feira do Monte, e ía pron cabodano pra Moncelos e, levaba a cabeza posta na prédica que diría na homilía, pois os veciños sempre escoitaban con moito interese cando eu predicaba, -ou iso pensaba eu-; así que pasaba horas cavilando no que quiría dicir na misa.

Entón ese día quixo o Demo, ou tan enmimismado andaba eu que, salteime a devandita sinal de tráfico. Cando me decatei, quedei tan arrepenrido do pecado que cometera que, dicitín dar marcha atrais, e avanzando de costas, voltei ó STOP, con tan mala sorte que, cos apuros non víon coche que viña do lado de Vilalba; o outro frenou a tempo e, non quixo Deus que batese co meu seiscentos; aquel home baixouse do coche berrando e, acaneando os brazos, cando me viu, coñeceume, e díxome: -señor cura, vostede está tolo ou que lle pasa, non ve que ven guiando de cu e, polo lado que nón é!

Entou conteille o que estoulles a contar a vostedes.

E agora despois de meditar moito aquel mal acto, cheguei a conclusión de que algunhas veces é peor a penitencia co pecado. Porque aquel día eu pequei máis tentando correxir o pecado que co pecado mesmo. Anque agora señores gardas, sinto remordemento por non dicírllelo naquel intre, pra que me sancionasen corespondentemente segun a tantas infraccións cometidas: saltar o STOP, dar marcha atras en polo carril contrario, poñerme a explicarlle ó do turismo contrario o que me pasara co meu vehículo no medio da estrada, entorpecendo a circulación e, formando unha perigosa ringleira de coches frenando.

Señores gardas, prégolles envíenme a multa pertinente a miña dirección do Ceo, pra que poida descansar en paz.

E sen máis, reciban un respetuoso saúdo do finado cura de Moncelos.

E eu agora digo:


E se che can unhas gotiñas, unhas gotiñas de nada, nunha muller que non sexa a túa, ou ti muller, cun home que non sexa o teu; anque por tentacións do Demo, só fose unha sóa vez; ben será mellor, calar a boca, non váia ser peor a penitencia co pecado. Xa haberá tempo de escribir unha carta arrepeníndose dende o Ceo!

E de momento non hai máis conto que, xa vai moi longo, se cadra mañá seguirá!

TERRITORIO SIN LÍMITES

RAFAELA GÓMEZ-CASERO

EXPOSICIÓN



¿Qué decir de mi obra? 32 de luz. *

Desde hace 12 años, trabajo a partir de un concepto filosófico: El existencialismo... un gran clásico de la segunda mitad del siglo XX, donde se considera al ser humano unido al desamparo existencial, ya que es dueño de su destino, de sus decisiones, y todo ello en la más absoluta soledad: la soledad de la consciencia.

Mi aportación es la aceptación y percepción hermosa de esa dimensión mental, de ahí la búsqueda de la belleza clásica en las imágenes que construyo.


Territorio sin límites

Se trata de un viaje creativo en clave onírica de 2 años de labor intensa, donde utilizo fotografía y creación digital, y en el que podríamos destacar:

La elección de fondos oceánicos como escenario de lo insondable. La simbiosis del ser humano con organismos abisales, como metáfora de la supervivencia extrema



TIRANDO DO FÍO



O cabo do fío sérvenos para rematar as páxinas como merecen:

- *O texto que define ao polímata **Neira Pampín**, está escrito por **Paco Nieto**.
- A imaxe que ilustra “Haberá poesía en que salvar-se?” pertence ao arquivo de **Blanca Silva**. O resto de **imaxes** da revista, son cedidas, ou pertencen a banco libre.
- ***Amalia Méndez** adícase a docencia e colaboro con distintas revistas literarias. Ademais participa nas actividades culturais para a promoción da lingua e literatura galega que se realizan no Clube de Lectura Saleta, pertencente a Casa Museo Manuel María, en Outeiro de Rei, Lugo.

*A exposición “Territorio sin límites” de **Rafaela Gómez-Casero** inaugúrase no espazo 32 de luz o vindeiro xoves, 16 de maio, ás 19:30h.

Tecer cos fíos das palabras o número 30 de **Chío**, é para nós outro xeito de conformar unha mostra ampla, diversa e enriquecida do espectro cultural que nos rodea. Coma se fosemos tamén, unha vitrina dixital de calquera museo.

Lembramos que ao longo das páxinas, hai **ligazóns** (subliñadas) moi interesantes e curiosas, que invitamos a visitar.

Doutra banda, aínda existe a opción de balde de descargar este e máis os números anteriores da revista na [web de Chío](#).

Pecha o número 30 de Chío, a obra de F.J. Neira Pampín.



Coordina e dirixe: Melina López
chiorevista@gmail.com